

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*ORDE do 8 de outubro de 2012 pola que se dá publicidade á finalización do prazo de presentación de solicitudes de axudas no procedemento IN214A, correspondente á Orde do 11 de agosto de 2011 pola que se regula o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.*

Mediante a Orde do 11 de agosto de 2011 regulouse o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, aprobáronse as bases reguladoras das ditas subvencións e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2012, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Mediante a Orde do 13 de xullo de 2012, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 139, do 20 de xullo, abriuse o prazo de presentación de solicitudes de subvencións para promover a sociedade da información no comercio retalista galego a través de entidades colaboradoras (procedemento IN214A) previsto na citada orde e procedeuse á publicidade da relación das ditas entidades colaboradoras, seleccionadas ao abeiro da Orde do 11 de agosto de 2011 (procedemento IN214B).

O artigo 5.1 do anexo II da Orde do 11 de agosto de 2011 recolle que, a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente orde do conselleiro de Economía e Industria pola que se proceda á apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvención, se iniciará o citado prazo, que permanecerá aberto ata o 10 de novembro de 2012, ou ata que se esgote o crédito orzamentario se se produce este esgotamento en data anterior.

Así mesmo, no artigo 6.5 do citado anexo II establécese que no momento en que a consellería esgote a consignación orzamentaria establecida no artigo 3 das bases reguladoras, porao en coñecemento das colaboradoras, e non admitirá nin aprobará ningunha nova solicitude, sen menoscabo da tramitación ordinaria das solicitudes de axuda correspondentes a avaliacións previas positivas xa comunicadas, de acordo co previsto no artigo 32 do

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O citado artigo prevé, así mesmo, que esta circunstancia deberá ser publicada no DOG e na páxina web oficial da Consellería de Economía e Industria.

De acordo co exposto,

DISPOÑO:

Dar publicidade á finalización, na mesma data desta disposición, do prazo de solicitudes de axudas correspondentes ao procedemento IN214A regulado pola Orde do 11 de agosto de 2011, da Consellería de Economía e Industria, pola que se regula o proceso de selección de entidades colaboradoras na xestión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para promover a sociedade da información no comercio retalista galego, se aproban as bases reguladoras das ditas subvencións e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, cofinanciada polo Feder, no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2012

Javier Guerra Fernández  
Conselleiro de Economía e Industria